

---

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 24 DE SETEMBRO DE 2015,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS  
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Proxecto de Lei de transparencia e bo goberno.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS  
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se declara municipio turístico galego o concello de Muros (A Coruña).
- Acordo polo que se aproba o Plan director e o Plan estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015-2021.

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se autoriza a remisión ao Consello de Contas e ao Parlamento de Galicia da conta xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2014.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de contratación para a redacción de proxecto e a execución das obras de reforma e ampliación do Hospital da Costa en Burela (Lugo), cun valor estimado de dez millóns seiscentos un mil cento sesenta e sete euros con corenta e seis céntimos (10.601.167,46€) e un importe de licitación (IVE incluído) de doce millóns oitocentos vinte e sete mil catrocentos doce euros con sesenta e tres céntimos (12.827.412,63€).

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Clúster da Lousa de Galicia para a

---

realización de actuacións de mellora en relación cos proxectos demostrativos de loita contra o po de sílice e a exención de prestación de garantías, por importe de douscentos mil euros (200.000 €).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Asociación Bioga – Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida para a implementación dun plan de actividades de impulsar a competitividade, a innovación e o potencial da biotecnoloxía como tecnoloxía facilitadora esencial do tecido empresarial galego, por importe de cento cincuenta e seis mil euros (156.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para fomentar a actividade investigadora do persoal investigador finalista nas convocatorias de axudas do ERC no marco do H2020 por importe de douscentos cincuenta mil euros (250.000€).

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial de Pontevedra en relación coa prestación do servizo de comedor escolar ao Centro de Educación Especial Príncipe Felipe de Pontevedra, polo importe total de doce mil novecentos nove euros con sesenta céntimos (12.909,60€).

---

**A XUNTA APROBA A LEI DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO, QUE AMPLÍA AS OBRIGAS DE PUBLICIDADE E O CONTROL SOBRE INCOMPATIBILIDADES**

- ***Todos os altos cargos do Goberno galego deberán publicar os seus bens, tanto ao tomar posesión do seu cargo, como ao seu cesamento***
- ***O novo texto limita as actividades dos Gobernos en funcións e regula os procesos de traspaso de poderes***
- ***Coa nova lei a cidadanía terá coñecemento e posibilidade de control sobre unha ampla gama de información que, ata o de agora, nin a Lei de transparencia galega nin a Lei básica obrigaban a publicar***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Anteproxecto de Lei de transparencia e bo goberno, dando traslado do texto ao Parlamento para a súa aprobación en sede parlamentaria, e para que poida ser posta en marcha o antes posible, cumprindo así co compromiso adquirido na Cámara galega polo presidente a principios deste mesmo ano.

A aprobación dunha nova normativa básica en materia de transparencia e bo goberno a nivel estatal, que entrará en vigor para as Comunidades Autónomas a finais deste ano, facía necesario adaptar a lexislación galega en materia de incompatibilidades de altos cargos (aprobada en 1996) e en materia de transparencia (aprobada en 2006). Porén, en troques dunha mera adaptación, a Xunta optou pola elaboración dun texto completamente novo que supuxera un decisivo paso adiante. En consecuencia, coa aprobación desta nova Lei de transparencia e bo goberno da Xunta, a cidadanía terá coñecemento e posibilidade de control sobre unha ampla gama de información que, ata o de agora, nin a Lei de transparencia galega nin a Lei básica obrigaban a publicar.

O novo texto inclúe a obriga dos altos cargos de facer público o seu patrimonio cando tomen posesión e tamén cando cesen dos seus cargos. Introdúcese a regulación legal da existencia dun Código Ético Institucional, coma o aprobado o pasado ano, que concreta os principios de conduta aos que os altos cargos deberán suxeitarse. Regúlase tamén o réxime sancionador dos altos cargos para os casos nos que se incumpra o réxime de incompatibilidades ou de declaración de bens e actividades e tamén para os casos nos que exista un incumprimento das obrigas de transparencia.

Ademais, limítanse as actividades dos gobernos en funcións e a obriga de información durante o proceso de traspaso de poderes, polo que os gobernos en funcións non poderán enviar proxectos de lei ao Parlamento, autorizar convenios co Estado, coas entidades locais, nin con outras CC.AA., aprobar convocatorias de acceso ou provisión de postos de traballo públicos, aprobar ou modificar relacións de postos de traballo nin adquirir compromisos de gasto máis alá do gasto corrente ou das causas de urxencia debidamente acreditadas.

Na mesma liña, a nova lei establece tamén o que debe facerse para facilitar o proceso de traspaso de poderes, coma que cada consellería deberá elaborar un informe de xestión no

que se detalle a execución orzamentaria, os compromisos de gasto asumidos, as obrigas pendentes de pago ou os contratos e convenios vixentes. Eses informes de cada departamento serán agrupados nun único documento e serán transmitidos do presidente saínte ao presidente entrante, garantindo polo tanto a debida información para que o novo goberno poida comezar a tomar decisións dende o primeiro minuto.

### **Portal de transparencia**

A partir da entrada en vigor da lei, a cidadanía poderá atopar no Portal de transparencia da Comunidade Autónoma de Galicia, unha ampla gama de información que, ata agora, nin a Lei de transparencia galega nin a Lei básica obrigaban a publicar, coma son a relación da normativa vixente en Galicia; o inventario de entes dependentes da Comunidade Autónoma; todas as relacións de postos de traballo e cadros de persoal; número de liberados sindicais e o custo que supoñen; acordos reguladores das condicións de traballo dos empregados públicos e os convenios colectivos vixentes; relación de órganos colexiados adscritos a cada departamento e a súa composición.

Ademais, dunha completa información sobre a débeda pública da Comunidade Autónoma, coa súa evolución e as estatísticas de endebedamento por habitante e en relación ao Produto Interior Bruto; o tempo medio de pagamento das facturas no sector público autonómico; a relación dos bens de interese cultural da Xunta e o número e uso dos vehículos do seu parque móbil; a composición das mesas de contratación e a información sobre a valoración das ofertas presentadas; e todos os documentos de planificación urbanística.

### **Dereito á información da cidadanía**

Regúlase por lei o dereito cidadá de acceso á información pública, un extremo que non estaba mencionado na lei galega, que foi introducido pola nova lexislación básica e que agora, concrétase e mellórase nesta nova lei. Así, seguindo as recomendacións das principais organizacións internacionais de defensa da transparencia regulamos, a maiores da lei estatal, a obriga da administración autonómica de prestar asistencia e orientación á cidadanía para o exercicio deste dereito; así como a atribución da resolución dos recursos contra as denegacións de información a un órgano como o Valedor do Pobo, que cumpre con todos os estándares internacionais de independencia: non é nomeado nin pode ser cesado polo Goberno, ten unha duración de mandato non coincidente coa do executivo, ten o seu orzamento aprobado polo Parlamento e é incompatible coa pertenza a partidos políticos e co mandato representativo.

### **Réxime incompatibilidades**

A nova lei amplía o control público sobre o réxime de incompatibilidades existente na Comunidade Autónoma de Galicia, e esténdese a todos os altos cargos, e non só aos membros do goberno, a obriga de publicar, tanto no momento do seu nomeamento como no momento do seu cesamento, a súa situación patrimonial.

---

Fai obrigatorio publicar a relación daquelas actividades que o alto cargo desempeñase nos dous anos anteriores a súa toma de posesión, introducindo tamén o deber de abstención nos asuntos que afecten ás entidades privadas nas que tiveran parte na súa dirección ou administración nesos anos.

Introduce tamén a obriga de que, durante os dous anos posteriores ao cesamento, as persoas que foran altos cargos da Xunta de Galicia deban informar de calquera actividade que vaian realizar á Oficina de Incompatibilidades da Xunta, para que esta informe sobre se esa actividade se axusta ao réxime de incompatibilidades. E, ademais, cando esta Oficina autorice esta compatibilidade, esa decisión se fará pública.

### **Tramitación administrativa**

O pasado mes de febreiro, o Goberno galego abriu un espazo co obxecto que a cidadanía puidese participar na elaboración da futura Lei de transparencia e bo goberno, mediante a presentación das propostas e suxestións que consideraren oportunas.

Na elaboración do anteproxecto de lei tivéronse en conta as achegas realizadas na primeira fase. Posteriormente, no mes de marzo, abriuse unha segunda fase na que se puxo a disposición da cidadanía o texto elaborado para ser sometido novamente á súa participación.

Paralelamente, o anteproxecto foi remitido ao resto de suxeitos afectados pola norma, coma son universidades, corporacións de dereito público, Parlamento de Galicia, Valedor, Consello de Contas, Consello Consultivo, Consello Económico e Social, para que fixesen as alegacións pertinentes.

O proceso de análise e estudo desas numerosas alegacións rematou o pasado mes de xullo, coa conformación dunha nova versión do texto para a que foron xa solicitados os informes pertinentes, co fin de que puidera ser aprobada definitivamente polo Consello da Xunta e remitida ao Parlamento neste mes de setembro.

---

**O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE ACORDO POLO QUE SE DECLARA MUNICIPIO TURÍSTICO GALEGO O CONCELLO DE MUROS**

- ***Galicia conta así cun total de 46 municipios turísticos nas catro provincias galegas, 13 deles na provincia da Coruña***
- ***O concello de Muros conta con numerosos atractivos turísticos entre os que destaca o seu núcleo histórico, declarado conxunto histórico-artístico, e a súa paisaxe e natureza, en especial o monte e a lagoa de Louro***
- ***Así mesmo, destacan os seus aspectos poboacionais, como os aloxamentos turísticos e de servizos do concello***
- ***A declaración de municipio turístico galego ten carácter indefinido, non obstante o Consello da Xunta de Galicia poderá revogar as citadas declaracións se deixasen de concorrer os requisitos e as condicións conforme os cales se outorgou esta declaración***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se declara municipio turístico o concello de Muros, na provincia da Coruña.

Galicia conta así cun total de 46 municipios turísticos nas catro provincias galegas. Coa incorporación de Muros, a provincia da Coruña conta con 13 municipios turísticos: Betanzos, Corcubión, Fisterra, Miño, Padrón, Pontedeume, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Santiago de Compostela, Rianxo, Laxe e Cedeira.

Neste concello da provincia da Coruña, situado no extremo norte da ría de Muros e Noia, e integrado por sete parroquias -Abelleira, Esteiro, Louro, Muros, Serres, Tal e Torea- a actividade turística ten gran relevancia.

O concello de Muros conta con numerosos atractivos turísticos entre os que destaca o seu núcleo histórico, declarado conxunto histórico-artístico.

Así mesmo, no que se refire á paisaxe e á natureza Muros é moi representativo dende o punto de vista ambiental grazas ao monte e á lagoa de Louro.

Por outra banda, o Consello da Xunta recalcou especialmente os aspectos poboacionais así como os aloxamentos turísticos e de servizos do concello, sendo ambos os dous cualificados positivamente.

A declaración de municipio turístico galego ten carácter indefinido. Non obstante o Consello da Xunta de Galicia poderá revogar as citadas declaracións se deixasen de concorrer os requisitos e as condicións conforme os cales se outorgou esa declaración.

---

## **O PLAN DIRECTOR PREPARA O CAMIÑO DE SANTIAGO PARA O PRÓXIMO ANO XACOBEO 2021 GARANTINDO A CORRECTA XESTIÓN INTEGRAL DESTES BEN PATRIMONIAL**

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021, unha ferramenta de xestión e unha folla de ruta que marca as directrices para a conservación da esencia da ruta, atendendo a todos os axentes implicados nela***
- ***O dito plan preséntase co obxectivo de protexer e preservar a Ruta Xacobeá, responder ás necesidades do peregrino do S.XXI, fomentar a cohesión social e o equilibrio territorial e seguir constituíndo a identidade universal de Galicia e de Europa***
- ***Para lograr estes obxectivos establécense catro eixes de desenvolvemento centrados na gobernanza, na xestión, no uso e na difusión, que recollen un total de oito liñas estratéxicas, 26 plans de acción e máis de 80 iniciativas a impulsar ata o 2021***
- ***Para a posta en marcha de todas as iniciativas recollidas nesta folla de ruta a Xunta de Galicia fará un investimento de máis de 56 millóns de euros***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021, unha ferramenta de xestión e unha folla de ruta que marca as directrices para a conservación da esencia da ruta, atendendo a todos os axentes, públicos e privados, implicados nela.

Deste xeito, o Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021 preséntase co firme obxectivo de protexer e preservar a Ruta Xacobeá, en todas as súas vertentes, para garantir a pervivencia da súa identidade e a posta en valor do seu patrimonio cultural e natural; responder ás necesidades do peregrino do S.XXI, ofrecendo unha excelente hospitalidade na acollida e favorecendo unha experiencia de calidade durante toda a súa peregrinación; fomentar a cohesión social e o equilibrio territorial, e seguir constituíndo a identidade universal de Galicia e de Europa.

Así mesmo, o plan director centra a contribución do Camiño ao fortalecemento da unidade da marca de Galicia en tres piares fundamentais: a experiencia do peregrino, garantindo a experiencia da peregrinaxe nun contexto en que a seguridade e a excelente atención recibida será prioritaria ao longo de toda a viaxe; a transcendencia do propio Camiño logrando o mantemento, a protección e a difusión así como un desenvolvemento sustentable, social, económico e ambiental para garantir a continuidade dos seus valores no tempo; e o Camiño como eixo estratéxico e vertebrador da unidade da marca Galicia, constituíndose como un embaixador de Galicia e dando apoio á proxección internacional e nacional das empresas e da cultura galega.

Con todo, os principais retos que ten que asumir este plan director son o eixo de desenvolvemento local, sustentable e responsable; a máxima garantía de protección e

conservación do Camiño; a excelencia na experiencia do peregrino; a conciencia e o posicionamento dos valores esenciais do Camiño e o fortalecemento da marca Galicia a través da Ruta Xacobeá.

O obxectivo é acadar no 2012 un Camiño de Santiago xestionado integralmente por todas as administracións e axentes implicados; hospitalario, atendendo á multiculturalidade; sustentable social, económica e ambientalmente; protexido, conservado e posto en valor; que satisfaga as necesidades do peregrino e cumpra as súas expectativas; conectado globalmente e accesible; xerador de coñecemento e con difusión internacional, e que posicione internacionalmente a marca Galicia.

Para lograr estes obxectivos o Plan director do Camiño de Santiago establece catro eixos de desenvolvemento centrados na gobernanza, na xestión, no uso e na difusión, que recolle un total de oito liñas estratéxicas.

Estas liñas estratéxicas, que aglutinan un total de 26 plans de acción e máis de 80 iniciativas para impulsar ata o 2021, son as seguintes: coordinación e organización administrativa; preservación e potenciación dos valores patrimoniais do Camiño de Santiago; Camiño de Santiago ambientalmente sustentable; fortalecemento da cidade de Santiago de Compostela como meta da ruta Xacobeá; potenciación de todas as rutas de peregrinación a Santiago de Compostela; especialización e calidade no servizo de atención ao peregrino e investigación; e comunicación e divulgación do Camiño e da cultura xacobeá.

Así mesmo, o plan director define unha etapa modelo de 21 km na cal se reflicte como se visualiza o Camiño para acoller ao peregrino de 2021, en materia de aloxamentos, servizos, conservación das rutas e do patrimonio, entre outros aspectos. A partir desta visión desexada no 2021, establece as accións que impulsar en cada unha das vertentes do Camiño de Santiago.

Con todo, para a posta en marcha de todas as iniciativas que impulsará este Plan Director ata o ano xacobeo 2021 a Xunta de Galicia investirá máis de 56 millóns de euros.

### **Preto de 220 mil peregrinos neste 2015**

O motivo da creación dun Plan Director do Camiño de Santiago vén dado polo espectacular crecemento no número de peregrinos e o redimensionamento como fenómeno que supera o ámbito nacional.

No que vai de ano chegaron a Santiago de Compostela preto de 220 mil peregrinos, o que supón un incremento de máis do 10%.

Neste senso, o plan director fai unha previsión dos peregrinos que chegarán a Compostela desde este ano 2015 ata o próximo ano xacobeo 2021 e cifra este dato nun total de



---

—

2.482.000 peregrinos. Así, a estimación total de peregrinos que acollerá Galicia no ano 2021 é de 464.000.

---

## **A CONTA XERAL RATIFICA QUE A XUNTA DE GALICIA CUMPRIU NO ANO 2014 O OBOJECTIVO DE DÉFICIT**

- ***A Comunidade galega rematou o pasado exercicio cun déficit do 0,98% do PIB, sete puntos menos que a media das autonomías, que foi do 1,66%***
- ***A Administración autonómica reafirma o seu compromiso de non superar este ano e en 2016 o déficit autorizado polo CPFF***
- ***Galicia é a terceira comunidade con menor déficit acumulado nos últimos cinco anos, o 7,9%, mentres que a media se situou no 11,7%***
- ***A Xunta mantén unha media de pagamento aos provedores arredor dos 20 días***

A conta xeral da Comunidade galega ratifica que a Xunta cumpriu en 2014 o obxectivo de déficit público autorizado polo Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF), xa que pechou o exercicio cun déficit do 0,98%, por debaixo do límite do 1% fixado para o conxunto das comunidades. Ademais, o déficit de Galicia situouse sete puntos por debaixo da media das autonomías, que foi do 1,66%.

O conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, presentou hoxe ante o Consello da Xunta a conta xeral correspondente ao ano pasado, na cal se sinala que Galicia rematou o exercicio 2014 cun déficit de 536 millóns de euros en termos de contabilidade nacional. A conta xeral, logo do acordo do Consello da Xunta de Galicia, será remitida ao Parlamento e ao Consello de Contas.

Ademais, o Goberno autonómico reafirmou o seu compromiso co cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria para este ano, fixado polo Consello de Política Fiscal e Financeira para a Comunidade galega no 0,7% do PIB. E a Xunta tamén mantén a súa intención de cumprir o obxectivo marcado para todas as comunidades autónomas para 2016, que será do 0,3% do PIB.

Nos últimos cinco anos Galicia situouse como a terceira comunidade cun menor déficit público acumulado, un 7,9%, fronte a un 11,7% que tiveron de media o conxunto das autonomías. Isto foi posible grazas ao esforzo de redución progresiva do déficit realizado na comunidade, que tamén está a servir para manter controlado o endebedamento público. De feito, Galicia é a segunda comunidade onde menos medrou a débeda dende 2008.

### **Máis axilidade no pagamento a provedores**

Ademais, froito da solvencia da Comunidade Autónoma, a Xunta mantense entre as comunidades autónomas que está a pagar con máis axilidade aos seus provedores. A media de pagamento sitúase arredor dos 20 días, a metade que no conxunto de España.

A Xunta de Galicia remitirá a Conta Xeral ao Parlamento e ao Consello de Contas cumprindo coa normativa en vigor, modificada este ano e que establece como prazo máximo o 30 de setembro. Deste xeito, a Xunta adianta nun mes a data de rendición sobre o ano anterior.

---

**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DA PRIMEIRA FASE DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO HOSPITAL DA COSTA, EN BURELA, QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE 12,8 MILLÓNS DE EUROS**

- ***O Goberno galego publicará nos vindeiros días o concurso público para a redacción do proxecto e a execución das obras***
- ***A ampliación nun 30% da superficie actual farase compatibilizando o funcionamento de todas as áreas actuais e a integración estética co edificio existente***
- ***O novo pavillón, con forma de L, terá catro andares na parte máis longa e dous na máis curta***
- ***Na área de consultas externas construírse un novo espazo ambulatorio, habilitaranse novos gabinetes de explotación e unha nova sala de cirurxía menor, ademais de crear un novo hospital de día médico para complementar o cirúrxico e o de diálise***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o expediente de contratación que permite a licitación da primeira fase das obras de ampliación e mellora do Hospital da Costa de Burela. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas avanza un novo paso no expediente de tramitación, despois de que a comezos deste mes o Consello da Xunta tamén habilitara o crédito orzamentario necesario, que permite cumprir co compromiso adquirido de iniciar o procedemento este mesmo ano.

A Axencia Galega de Infraestruturas publicará nos vindeiros días o concurso público para a redacción do proxecto e a execución das obras, cun prazo de 3 e 28 meses respectivamente.

A ampliación e reforma que se levará a cabo no complexo hospitalario de referencia na Mariña lucense permitirá a reorganización dos espazos do centro e da zona ambulatoria, que non está adaptada na actualidade ás necesidades dos pacientes e dos profesionais.


As obras, que serán executadas pola Axencia Galega de Infraestruturas, supoñen o desenvolvemento do plan director elaborado polo Servizo Galego de Saúde para este centro hospitalario, que ten unha antigüidade superior aos 30 anos.

Os traballos de ampliación e mellora do hospital suporán un incremento do 30% da superficie actual do centro e levaranse a cabo de forma compatible co funcionamento de todas as áreas actuais, así como garantindo a integración estética da nova construción co edificio xa existente.

A actuación suporá melloras substanciais na atención sanitaria nesta zona. Así, na área de hospitalización practicamente se duplicará o espazo, dos case 2.800 m<sup>2</sup> actuais a máis de 4.500, o que mellorará a confortabilidade dos pacientes e mellorará circulacións e o traballo dos profesionais.

Na área de consultas externas construírse unha nova zona ambulatoria que deixará espazo libre para futuras actuacións no centro; na área ambulatoria estableceranse novos gabinetes de exploración e unha nova sala de cirurxía menor e crearase un hospital de día médico para complementar o cirúrxico e o de diálise.

A ampliación permitirá contar con 6.000 m<sup>2</sup> máis de superficie construída sobre os 17.600 m<sup>2</sup> existentes, para o que se construír un novo pavillón en forma de “L” con catro plantas na parte máis longa e dúas na parte máis curta.



---

**A XUNTA SUMA PRETO DE 1,2 MILLÓNS NA LOITA CONTRA O PO DE SÍLICE NO SECTOR DA LOUSA NUN PROXECTO PILOTO PARA A MELLORA DA CALIDADE DO AIRE**

- ***O Consello autoriza un novo convenio co Clúster da Lousa que da continuidade ao traballo conxunto levado a cabo desde o 2011 para a mellora das condicións dos traballadores do sector expostos ao po de sílice***
- ***O acordo encamiñase ao perfeccionamento da tecnoloxía implantada a través do proxecto piloto nunha nave de Carballeda de Valdeorras (Ourense), que combina un sistema de nebulización con outro de renovación de aire proxectado***
- ***Co obxectivo de replicar esta tecnoloxía no sector, elaborárase unha guía cos resultados obtidos na cal consten os principios de actuación á hora de proxectar ou remodelar unha fábrica de lousa para minorar os índices de po de sílice***
- ***A colaboración intégrase no conxunto de actuacións levadas a cabo pola Consellería de Economía e Industria, que ten destinado 2,5 millóns á mellora da seguridade e saúde laboral dos traballadores da lousa e do granito***

O Goberno galego está a desenvolver nos últimos anos diferentes proxectos co sector da lousa co obxectivo de reforzar o seu posicionamento como unha das principais industrias mineiras de Galicia. Neste sentido, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración co Clúster da Lousa no eido da loita contra o po de sílice, sumando nos últimos catro anos preto de 1,2 millóns no desenvolvemento dun proxecto piloto que ten permitido mellorar a calidade do aire na nave de Carballeda de Valdeorras na que se instalou.

Co acordo deste ano, a Consellería de Economía e Industria destina 200.000 euros á mellora da tecnoloxía implantada nesta fábrica. A finalidade é mellorar o moderno equipo que combina un sistema de nebulización con outro de renovación do aire proxectado, permitindo diminuír dun modo significativo o risco derivado da exposición ao po de sílice.

O conxunto das actuacións enmarcadas neste proxecto piloto teñen permitido a monitorización dos resultados, posibilitando a medición da concentración de po de sílice na nave antes e despois da aplicación das medidas. Sobre a base destes resultados, e co obxectivo de replicar esta tecnoloxía no sector, elaborárase unha guía na cal consten os principios de actuación á hora de proxectar ou remodelar unha fábrica de lousa para minorar os índices de po de sílice.

### **Comisión Técnica**

A avaliación dos resultados do convenio, así como a súa correcta aplicación noutras fábricas, será realizada pola Comisión Técnica do sector, que conta coa participación da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, con representantes do Clúster da Lousa, das centrais sindicais maioritarias no sector, do Instituto Nacional de Silicosis e do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

---

—

O traballo desta comisión permitirá reforzar a colaboración na procura de impulsar iniciativas que fomenten medidas de prevención para a eliminación dos riscos laborais. Neste sentido, e xunto coa loita contra o po de sílice no sector da lousa, a Consellería ten apoiado nos últimos anos distintas actuacións en materia de seguridade e saúde laboral, que suman un total de 2,5 millóns.

---

## **A XUNTA COLABORA CON BIOGA PARA IMPULSAR O POTENCIAL INNOVADOR DO SECTOR BIOTECNOLÓXICO GALEGO**

- ***O Consello autoriza un convenio da Consellería de Economía e Industria co Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida para reforzar o papel da industria biotecnolóxica como tecnoloxía facilitadora para abrir novas liñas de negocio e modernizar as tradicionais no tecido empresarial galego***
- ***O acordo promoverá a competitividade do sector coa posta en marcha de ferramentas comúns que impulsen a cooperación empresarial, fomenten a colaboración intersectorial, e faciliten a realización de accións concretas***
- ***Entre as actuacións recóllense as misións comerciais Bio, os BioSpeed Dating para poñer en contacto os actores da industria canalizando a investigación cara ao mercado ou a elaboración dun informe anual do sector biotecnolóxico galego***
- ***O Goberno galego ten destinado nos últimos anos máis de 10 millóns ao sector biotecnolóxico como unha industria clave da Estratexia de especialización intelixente da Axenda Industria 4.0, como tecnoloxía facilitadora de primeira orde***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un acordo de colaboración da Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación-Gain, co Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida–Bioga, que persegue impulsar o potencial innovador do sector biotecnolóxico galego.

Neste sentido, o convenio, que conta cun investimento conxunto de máis de 150.000 euros para os anos 2015 e 2016, busca fomentar o papel que desempeña a industria biotecnolóxica como tecnoloxía facilitadora dos sectores produtivos tradicionais da comunidade. Obxectivo establecido na Axenda da Competitividade Galicia – Industria 4.0, coa que o Goberno traballa na modernización da industria galega a través da innovación, establecendo novas fórmulas de produción que melloren a súa competitividade. Para isto, a axenda conta cunha clara orientación sectorial de cara a reforzar as industrias tradicionais da economía galega e impulsar outras emerxentes e de gran valor engadido, como a biotecnolóxica.

Bioga é a asociación máis representativa do sector da biotecnoloxía en Galicia, con 47 socios tanto empresariais como institucionais. O 34% deles están vinculados á investigación, o 23% ao sector agroalimentario, o 20% á saúde e o 33% restante repártese en ámbitos como a nanobiotecnoloxía, a industria farmacéutica e o ambiente.

A Consellería de Economía e Industria viña apoiando xa a asociación na organización de actividades como a Lonxa de Investidores en Biotecnoloxía, destinada a abrir oportunidades de financiamento para emprendedores do sector.

O novo acordo promoverá a competitividade das empresas biotecnolóxicas a través da posta en marcha de ferramentas comúns que impulsen a cooperación empresarial, fomenten a colaboración intersectorial e faciliten a realización de accións de *networking*.

---

Con esta finalidade, prevense unha serie de actuacións concretas entre as que destacan a realización de misións comerciais bio orientadas á consecución de novos mercados; o desenvolvemento do programa Bioalmorzos como espazo para debater sobre as prioridades do sector; a posta en marcha de accións de BioSpeed Dating, para poñer en contacto os principais actores da industria en Galicia canalizando a investigación cara ao mercado e ás empresas, ou a elaboración dun informe anual do sector biotecnolóxico galego.

Deste xeito, a Xunta reforza o seu compromiso co sector biotecnolóxico, ao que leva destinado apoios por valor de 12 millóns de euros nos últimos 6 anos. Unha aposta que, enmarcada na Estratexia de especialización intelixente – RIS3 que mobilizará 1.600 millóns en proxectos innovadores ata o ano 2020, se concreta en iniciativas como os programas Ininterconecta ou Conecta Pemes; as unidades mixtas de innovación, que fomentan a cooperación de grandes empresas e centros tecnolóxicos; ou a iniciativa Agrobiotech, un programa de aceleración de pemes biotecnolóxicas, agroalimentarias e da biomasa que se está a desenvolver co obxectivo de que as empresas participantes incrementen nun 15% a introdución de produtos innovadores no mercado, aumenten noutro 15% as súas vendas no exterior e eleven a súa facturación gañando tamaño.



---

## **A XUNTA AVANZA NO PROGRAMA OPORTUNIUS IMPULSANDO O TALENTO DE 5 INVESTIGADORES GALEGOS CON POTENCIAL PARA ACADAR UNHA BECA EUROPEA ERC**

- ***Cun investimento de 250.000 euros e asesoramento especializado, os candidatos poderán mellorar os seus proxectos para incrementar as opcións de éxito en vindeiras convocatorias***
- ***A consecución desta beca supón unha asignación económica que oscila entre 1,5 e 2,5 millóns para financiar liñas punteiras, permitindo a dotación dos recursos humanos e materiais que estes investigadores necesitan***
- ***Deste xeito dase un novo paso no desenvolvemento dun programa que aspira a captar e reter investigadores excelentes galegos para que realicen os seus proxectos en Galicia, como é o caso do físico de partículas Diego Martínez***
- ***Os retornos para a comunidade mediranse en termos de coñecemento excelente, competitividade científica e económica, prestixio internacional e mobilización de novo talento para seguir alimentando o futuro***

A Xunta de Galicia, na súa aposta polo talento investigador galego como un dos eixos fundamentais da política de innovación, avanza no desenvolvemento do programa Oportunius, que persegue reter, captar e formar investigadores excelentes e impulsar a competitividade das pemes galegas a través da innovación. Neste marco, o Goberno galego destinará 250.000 euros co obxectivo de financiar os cinco investigadores galegos das tres universidades que quedaron ás portas de recibir unha bolsa Starting Grant, Consolidating Grant ou Advanced Grant do Consello Europeo de Investigación (ERC).

Estas bolsas contan con asignacións económicas que oscilan entre 1,5 e 2,5 millóns de euros para financiar liñas punteiras e permiten a dotación dos recursos humanos e materiais que estes investigadores necesitan para desenvolver os seus proxectos ao longo de cinco anos. Neste sentido, o Oportunius persegue reter investigadores excelentes galegos merecedores das mencionadas bolsas, atraer outros de fóra de Galicia para que veñan desenvolver os seus proxectos e formar científicos con potencial para conseguir estas becas ERC.

Esta última modalidade de apoio é a recollido no convenio autorizado hoxe na reunión do Consello, cunha achega de 50.000 euros por finalista. A través da colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades galegas, os investigadores recibirán estes fondos nas vindeiras semanas. A Universidade de Santiago de Compostela (USC), con dous finalistas nas Starting Grants e outro nas Consolidator Grants, recibirá 150.000 euros para reforzar o financiamento das súas liñas de investigación. As universidades de Vigo e da Coruña (Uvigo e UDC) recibirán 50.000 euros para cada un dos seus finalistas, no primeiro caso un candidato ás Consolidator Grants e no segundo ás Starting Grants.

---

### **Máis casos como o de Diego Martínez**

A fórmula para reter investigadores xa beneficiarios dunha bolsa ERC púxose xa en práctica con Diego Martínez, recoñecido no 2013 como o mellor físico mozo europeo de partículas, que tras conseguir unha Starting Grant se beneficiou do programa para levar a cabo en Galicia o seu proxecto de investigación, dotado con 1,5 millóns de euros pola UE. Co acordo autorizado hoxe búscase incrementar a nómina de investigadores que nun futuro se poidan beneficiar desta modalidade de axuda unha vez que logren a súa bolsa.

O esforzo orzamentario que está a realizar a Xunta no programa Oportunus, que recibiu o aval da Comisión Europea o pasado mes de xullo, aspira tamén a ter unha repercusión moi importante no crecemento da economía galega grazas á transferencia de resultados da investigación á empresa. Unha transferencia que repercutirá tanto no aumento da competitividade do tecido empresarial como na posibilidade de exportar coñecemento a través de patentes.

O labor desenvolvido polos investigadores que traballen en Galicia grazas ao Oportunus será unha fonte de coñecemento excelente para facer realidade os retos establecidos na Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3), achegando importantes retornos en termos de coñecemento excelente, competitividade científica e económica, prestixio internacional e mobilización de talento.

---

**A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DESTINARÁ CASE 13.000 EUROS PARA FACILITAR O ACCESO AO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR AO ALUMNADO DO CENTRO DE EDUCACIÓN PRÍNCIPE FELIPE**

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dun convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra para este fin***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará preto de 13.000 euros a facilitar o acceso ao servizo de comedor escolar a un máximo de 33 comensais do Centro de Educación Especial Príncipe Felipe (Pontevedra). Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dun convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra, institución titular das instalacións nas cales se atopa o devandito centro educativo.

Ao abeiro deste acordo de colaboración, a Consellería destinará 2,40 euros en concepto de bolsa de comedor por cada día e comensal ao longo do curso 2015/16. Pola súa banda, o ente provincial ocuparase de prestar o servizo nas instalacións que xestiona e asumirá os custos que poidan exceder da achega autonómica á contía restante do importe do menú.

O convenio enmárcase no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumno galego, tendo en conta a importancia que este servizo ten para a conciliación familiar neste tipo de alumnado. Cómpre lembrar, ademais, que a Consellería destinará este curso algo máis de 686.000 euros a financiar o transporte escolar adaptado e o servizo de comedor de alumnos e alumnas con discapacidade durante o curso escolar 2015/16, a través de convenios con diferentes asociacións de atención a persoas con discapacidade.